



## **PREGUNTAS FRECUENTES - Complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.**

### **1. ¿Quen pode solicitar o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión?**

O profesorado funcionario e contratado doutor pertencente ao Sistema Universitario de Galicia que .

### **2. ¿Cales son os prazos para a presentación das solicitudes?**

O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación da correspondente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

### **3. ¿Como se deben cubrir as solicitudes?**

Os solicitantes **deberán** cubrir telemáticamente a instancia e a relación de cargos desempeñados ata **31 de decembro de 2013**, nos modelos dispoñibles na aplicación informática da ACSUG (anexos II e III), á que se poderá acceder a través da páxina web [www.acsug.es](http://www.acsug.es)./actualidade ou convocatorias abertas.

Unha vez cubertos os impresos imprimíranse e asinaranse. Poderán presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia con domicilio <https://sede.xunta.es> e, de forma presencial, en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así coma nos rexistros de calquera das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.

### **4. ¿Cal é a documentación que debo xuntar e como debo achegala?**

- DNI ou documento equivalente, no caso de non prestar autorización á ACSUG para consulta dos seus datos no Sistema de Verificación de Datos de Identidade, de conformidade co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG do 13 de novembro).
- Documentación acreditativa dos cargos desempeñados:
  - Cargos desempeñados nas Universidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia: neste suposto non será precisa a presentación de documentación acreditativa dos citados cargos. A ACSUG, trala autorización expresa dos solicitantes nas respectivas instancias, solicitará directamente a devandita información ás correspondentes Universidades.

- o Cargos desempeñados no resto de institucións: deberá xuntarse a documentación xustificativa destes: certificado oficial emitido pola Secretaría Xeral da correspondente Universidade ou órgano equivalente, ou no seu caso, fotocopia dos Boletíns ou Diarios Oficiais nos que consten respectivamente o nomeamento e o cesamento cese. Inclúense os méritos da CIUG.

A devandita documentación **deberá xuntala, preferentemente, de forma telemática a través da plataforma informática**. De non presentala telematicamente, deberá xuntarse en soporte dixital (DVD, CD-ROM, lapis de memoria) á instancia.

### 5. ¿Como xunto a documentación de forma telemática?

A aplicación informática conta cuns espazos habilitados para poder xuntar os documentos necesarios:

Nome:	
(Só no caso de outra institución)	<input type="text"/>
Certificado:	
(Só no caso de outra institución)	<input type="text"/> <input type="button" value="Examinar..."/>

Debe saber que cada documento pode ter, como moito unha capacidade **máxima de 2 MEGAS**. Se o seu arquivo ten unha capacidade superior deberá baixar a súa resolución ou non se xuntará correctamente. O nome do ficheiro non debe ter espazos en branco, eñes nin tiles.

No momento de xerar a instancia comprobe que no borrador aparecen reflectidos os nomes dos documentos dixitais que se remitiron telematicamente; en caso de que non aparezan na instancia, deben reenviarse telematicamente ou incluír unha copia destes en soporte dixital xunto á solicitude.

### 6. ¿Cantos méritos e de que tipo se poden presentar?

Non está limitado o número de méritos (cargos) a presentar. Poderán presentarse todos aqueles relativos aos cargos desempeñados dende a entrada en vigor da Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria **ata a data que se estipula na convocatoria**, nos que xa se producise o cesamento ou renovación. Non obstante, se vostede foi avaliado polos mesmos cargos en anteriores convocatorias non ten que volver a solicitalos pois os tramos conseguidos son consolidables.

### 7. Se no momento da convocatoria estou ocupando un cargo, ¿podo solicitar o complemento?

NON, agás que no cargo ocupado xa se tivera producido algunha renovación (cesamento, reelección) antes da data estipulada en cada convocatoria. Noutro caso contrario, só poderá solicitar o complemento sempre que se desempeñaran outros cargos con anterioridade.

**8. ¿Que ocorre no caso de que nalgún período se desempeñaran dous cargos simultaneamente?**

Nese caso, só se terá en conta o de maior rango.

**9. No caso de concesión da avaliación positiva e asignación do complemento pola correspondente Universidade, ¿debo volver a solicitalo en anos sucesivos?**

NON, os tramos concedidos son consolidables. Non obstante, e sempre que non se acadase xa o número máximo de tramos (8), cando con posterioridade a esta convocatoria se produza un novo cesamento nos cargos desempeñados, poderá solicitarse a incorporación dese período a efectos de ampliación do complemento retributivo.

**10. ¿Podo solicitar algún cargo previo que non tivera solicitado na anterior convocatoria?**

SI. Si na anterior solicitude que vostede realizou non incorporara cargo (con data posterior á Lei Orgánica 11/1983, recoñecido pola CGIACA ou no que tivera algún cesamento) e, polo tanto, non se lle computara en tramos consolidables, pode incorporalo este ano para que se lle teña en conta a efectos da valoración.

**11. ¿Que sucede se o ano anterior presentei un cargo, valoráronmo pero obtiven unha puntuación menor de 0.5?**

Neste caso, se vostede foi valorado por un cargo pero a puntuación outorgada non acadou os **0.5** puntos, non se lle terá pagado este complemento retributivo, **pois ese sería o mínimo esixido** para poder cobrar a dita retribución; non obstante, a puntuación da valoración deste cargo se lle vai a computar para anos posteriores; isto é, se solicita o complemento en posteriores convocatorias **a puntuación se lle sumará** á xa obtida previamente.